

2

**emprego**





## 2.1. poboación

**A POBOACIÓN GALEGA** segundo o Padrón actualizado a 1 de xaneiro do ano 2001 ascendeu en Galicia a 2.732.926 habitantes, dos que o 51,9% eran mulleres. Comparado co ano anterior, Galicia segue a perder peso no conxunto do estado, xa que a poboación galega representa o 6,65% da poboación existe en España fronte ós 6,75% no mesmo período do ano 2000.

Entre as características máis importantes da distribución da poboación, pódese salienta-la existencia dunha densidade de poboación superior á media española (92,4 e 81,2 habitantes por quilómetro cadrado, respectivamente) ou a dispersión ou espallamento xeográfico do seu hábitat, reflectido no feito de que en Galicia hai un total de 29.964 entidades singulares de poboación (o 48,9% do total estatal).

As provincias de Pontevedra e A Coruña acollen o 74,1% da poboación galega e o

84,2% dos concellos de máis de 10.000 habitantes. Atendendo á diferenciación entre a Galicia occidental-costa e a Galicia interior, as 24 comarcas pertencen á primeira acollen o 69,3% da poboación en tanto que os núcleos urbanos galegos (os que teñen máis de 10.000 habitantes) agrupan ó 66,2% da mesma.

Comparado cos datos do padrón anterior, a provincia de Pontevedra foi a única que experimentou unha medra da súa poboación (3.555 habitantes). Asemade, prodúcese un aumento da poboación nas 24 comarcas pertencentes á Galicia occidental-costa (3.380 persoas máis) e nas zonas urbanas (17.257 habitantes máis) fronte ó descenso rexistrado na denominada Galicia interior (2.354 persoas) e na Galicia rural (16.233 persoas).

O estudo do movemento natural de poboación realízase a partir do estudo dunha serie de indicadores entre os que se atopan o número medio de fillos por muller, as taxas

2.

de natalidade, mortalidade, crecemento vexetativo ou os títulos de familia numerosa. Estes datos obtéñense a partir dos *Indicadores demográficos básicos* e do *Movimiento natural de la población* publicados polo INE, o Ministerio de Sanidad y Consumo e os datos da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Ó longo do ano 2001, Galicia foi a segunda comunidade autónoma coa taxa de natalidade máis baixa (7,12 nacementos por cada 1.000 habitantes fronte ós 7,17 nacementos do 2000) só por diante de Asturias, con 6,59 nacementos, e igualada con Castela e León. O número medio de fillos por muller nese período pasa dos 0,91 de 1999 ós 0,93 do 2000.

Galicia presenta unha taxa de mortalidade de 10,37 falecementos por cada mil habitantes (10,60 defuncións no 2000), tan só superada por Asturias, con 11,29 falecementos por cada mil habitantes, e Aragón, con 10,89 defuncións.

En terceiro lugar, tomando como información os datos facilitados pola *Estadística de Variaciones Residenciales* e a estatística de *Extranjeros Residentes* do INE, e os datos do Balance 2001 do Ministerio do Interior, analízanse os movementos migratorios en Galicia, tendo en conta a diferenciación entre movementos migratorios interiores (entre concellos galegos), migracións entre municipios galegos e municipios doutras comunidades autónomas, e por último, os movementos migratorios de Galicia co resto do mundo.

No concernente ós movementos migratorios interiores, no ano 2000, das 45.351 migracións rexistradas, 37.125 realizáronse entre concellos dunha mesma provincia. En termos relativos prodúcese unha medra do número de desprazamentos por cada mil habitantes pasando dos 16,32 migracións de 1999 ás 16,59 migracións do ano 2000.

No caso das migracións entre Galicia e o

resto das comunidades autónomas, o saldo migratorio no ano 2000 aumenta o seu valor negativo, pasando das -5.138 ás -5.653 do ano 2000. As tres comunidades autónomas máis importantes en canto os movementos migratorios con Galicia seguen sendo Canarias, Madrid e Cataluña, que acollen o 15,7% dos movementos cara ó resto do estado e o 9,9% das migracións que chegan a Galicia.

O número de estranxeiros residentes en Galicia no ano 2001 ascendeu a 26.612 persoas (2.471 estranxeiros máis que no ano anterior), o que representa o 2,4% do total de estranxeiros residentes en España (a poboación galega representa o 6,65% da poboación española total).

Un aspecto importante é o do retorno de emigrantes. En Galicia atópanse o 15,6% do total de retornados a nivel estatal, o que indica a importancia que tivo a emigración en décadas pasadas. No ano 2000 retornaron 6.933 persoas, das que o 59,1% procedía de países europeos.

## Estructura e distribución territorial

A poboación de dereito en Galicia ascendeu a 2.732.926 persoas segundo a revisión do padrón de habitantes a un de xaneiro do ano 2001, o que representa o 6,65% da poboación total en España. Comparado cos datos na mesma data do ano anterior, a poboación galega medrou en 1.026 persoas, o 0,04%, sendo esta porcentaxe do 1,5% no caso do conxunto do estado.

**O cadro C.2.1. (Poboación de dereito nas CC.AA. 2000-01)** amosa que Galicia é unha das comunidades con menor crecemento de poboación, tan só por diante de Asturias, onde a poboación descende en 1.238 habitantes, Castela e León e Ceuta, con 307 e 453 habitantes máis que a 1 de xaneiro do 2000.

Galicia é a décima comunidade autónoma coa maior densidade de poboación, sendo

esta de 92,4 habitantes por quilómetro cadrado fronte ós 81,2 habitantes por quilómetro cadrado no conxunto do estado. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia é a oitava comunidade en termos de densidade de poboación.

A Coruña e Pontevedra son as provincias galegas máis poboadas con 1.108.002 e 916.176 habitantes, respectivamente, concentrando o 74,1% da poboación galega a 1 de xaneiro do 2001. Tal e como reflicte o devandito **cadro C.2.1.**, Pontevedra foi a única provincia galega que rexistrou unha medra da súa poboación, que pasa dos 912.621 habitantes a 1 de xaneiro de 2000 ós devanditos 916.176 habitantes a 1 de xaneiro de 2001 (un 0,4% máis).

Como se pode apreciar no devandito cadro, as provincias de Pontevedra e A Coruña teñen unha densidade de poboación moi superior á media de España (203,8 e 139,4 habitantes por quilómetro cadrado, respectivamente), en tanto que Ourense e Lugo presentan unha densidade moi inferior á media, con 35,0 e 50,1 habitantes por quilómetro cadrado, respectivamente.

Atendendo á distribución comarcal, os **cadros 2.1.1.**, **2.1.2.**, **2.1.3.** e **2.1.4.** amosan un aumento da poboación en trece das 53 comarcas galegas: Betanzos, A Coruña, Ordes e Santiago na provincia de A Coruña; a comarca de Lugo na provincia de Lugo; Ourense e Valdeorras na provincia de Ourense; e O Baixo Miño, O Condado, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, na provincia de Pontevedra.

Segundo reflicten os datos das revisións dos Padróns Municipais de Habitantes a un de xaneiro dos anos 2000 e 2001, a poboación de dereito nas 24 comarcas galegas pertencentes á Galicia occidental-costa (Barbanza, A Barcala, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortegal, Santiago, O Sar, Terra de Soneira, e Xallas na provincia de A Coruña; A Mariña Central, A

Mariña Occidental, e A Mariña Oriental, na provincia de Lugo; e o Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, na provincia de Pontevedra) medrou en 3.380 persoas, para acadar os 1.894.919 habitantes no último ano (o 69,3% da poboación galega). Pola contra, nese período de tempo prodúcese unha caída da poboación nas 29 comarcas interiores (2.354 persoas menos), acadando os 838.007 habitantes segundo os datos do padrón actualizado a 1 de xaneiro de 2001.

A poboación galega residente nas zonas urbanas (núcleos de máis de 10.000 habitantes), **cadro 2.1.5.**, ascendeu a 1.808.943 persoas, 17.257 habitantes máis que as sinaladas no censo anterior (9.095 homes e 8.162 mulleres máis), o que significa que estas áreas urbanas acollen o 66,2% da poboación galega segundo o padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 2001. Pola contra, no caso da Galicia rural, descende a poboación en 16.233 persoas, sendo esta caída de 8.823 persoas no caso das mulleres e de 7.410 no caso dos homes.

Nas provincias de Pontevedra e A Coruña o 79,5% e 70,4% da súa poboación reside nos núcleos de máis de 10.000 habitantes, en tanto que nas provincias de Ourense e Lugo estas porcentaxes acadan o 42,9% e 42,0%, respectivamente.

Nos sete grandes núcleos urbanos de Galicia reside un total de 974.260 persoas segundo os datos do padrón de habitantes a 1 de xaneiro do 2001, descende en 287 persoas en relación os datos da actualización do padrón anterior. En relación á poboación galega a 1 de xaneiro do ano 2001, o 35,7% da mesma reside nestas sete cidades.

O **cadro 2.1.6.** reflicte que a poboación descende nos tres concellos da provincia de A Coruña, producíndose este descenso tanto no caso dos homes como no das mulleres. Entre estes municipios salienta o descenso rexistrado en A Coruña, onde a poboación total des-

2.

CADRO 2.1.1.

**Poboación de dereito das comarcas da provincia de A Coruña 2000-01**

| Comarcas         | Revisión do Padrón a 1/1/00 |                |                | Revisión do Padrón a 1/1/01 |                |                | 01/00      |             |
|------------------|-----------------------------|----------------|----------------|-----------------------------|----------------|----------------|------------|-------------|
|                  | Total                       | Homes          | Mulleres       | Total                       | Homes          | Mulleres       | (%)        | (total)     |
| Arzúa            | 19.283                      | 9.508          | 9.775          | 19.184                      | 9.478          | 9.706          | -0,5       | -99         |
| Barbanza         | 66.353                      | 32.348         | 34.005         | 66.323                      | 32.285         | 34.038         | 0,0        | -30         |
| A Barcala        | 11.912                      | 5.719          | 6.193          | 11.800                      | 5.663          | 6.137          | -0,9       | -112        |
| Bergantiños      | 70.819                      | 34.727         | 36.092         | 70.815                      | 34.746         | 36.069         | 0,0        | -4          |
| Betanzos         | 39.095                      | 18.936         | 20.159         | 39.142                      | 18.944         | 20.198         | 0,1        | 47          |
| A Coruña         | 356.636                     | 168.767        | 187.869        | 358.302                     | 169.920        | 188.382        | 0,5        | 1.666       |
| Eume             | 28.976                      | 14.332         | 14.644         | 28.842                      | 14.256         | 14.586         | -0,5       | -134        |
| Ferrol           | 164.108                     | 78.281         | 85.827         | 162.261                     | 77.458         | 84.803         | -1,1       | -1.847      |
| Fisterra         | 25.275                      | 12.325         | 12.950         | 25.175                      | 12.340         | 12.835         | -0,4       | -100        |
| Muros            | 16.164                      | 7.758          | 8.406          | 15.971                      | 7.677          | 8.294          | -1,2       | -193        |
| Noia             | 37.535                      | 18.042         | 19.493         | 37.292                      | 17.951         | 19.341         | -0,6       | -243        |
| Ordes            | 38.161                      | 18.637         | 19.524         | 38.193                      | 18.662         | 19.531         | 0,1        | 32          |
| Ortega           | 17.169                      | 8.258          | 8.911          | 16.923                      | 8.125          | 8.798          | -1,4       | -246        |
| Santiago         | 145.404                     | 69.090         | 76.314         | 146.555                     | 69.673         | 76.882         | 0,8        | 1.151       |
| O Sar            | 17.756                      | 8.529          | 9.227          | 17.718                      | 8.517          | 9.201          | -0,2       | -38         |
| Terra de Melide  | 14.867                      | 7.480          | 7.387          | 14.820                      | 7.420          | 7.400          | -0,3       | -47         |
| Terra de Soneira | 21.791                      | 10.639         | 11.152         | 21.694                      | 10.628         | 11.066         | -0,4       | -97         |
| Xallas           | 17.115                      | 8.368          | 8.747          | 16.992                      | 8.296          | 8.696          | -0,7       | -123        |
| <b>Total</b>     | <b>1.108.419</b>            | <b>531.744</b> | <b>576.675</b> | <b>1.108.002</b>            | <b>532.039</b> | <b>575.963</b> | <b>0,0</b> | <b>-417</b> |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, *Revisión del Padrón Municipal de Habitantes*

CADRO 2.1.2.

**Poboación de dereito das comarcas da provincia de Lugo 2000-01**

| Comarcas            | Revisión do Padrón a 1/1/00 |                |                | Revisión do Padrón a 1/1/01 |                |                | 01/00       |               |
|---------------------|-----------------------------|----------------|----------------|-----------------------------|----------------|----------------|-------------|---------------|
|                     | Total                       | Homes          | Mulleres       | Total                       | Homes          | Mulleres       | (%)         | (total)       |
| Os Ancares          | 14.519                      | 7.536          | 6.956          | 14.238                      | 7.408          | 6.830          | -1,9        | -281          |
| Chantada            | 17.288                      | 8.478          | 8.810          | 17.118                      | 8.353          | 8.765          | -1,0        | -170          |
| A Fonsagrada        | 7.632                       | 3.988          | 3.644          | 7.461                       | 3.909          | 3.552          | -2,2        | -171          |
| Lugo                | 115.717                     | 55.242         | 60.475         | 116.155                     | 55.482         | 60.673         | 0,4         | 438           |
| A Mariña Central    | 30.494                      | 14.682         | 15.812         | 30.457                      | 14.708         | 15.749         | -0,1        | -37           |
| A Mariña Occidental | 28.136                      | 13.766         | 14.370         | 28.020                      | 13.672         | 14.348         | -0,4        | -116          |
| A Mariña Oriental   | 17.555                      | 8.369          | 9.186          | 17.479                      | 8.318          | 9.161          | -0,4        | -76           |
| Meira               | 6.835                       | 3.348          | 3.487          | 6.706                       | 3.291          | 3.415          | -1,9        | -129          |
| Quiroga             | 7.398                       | 3.598          | 3.800          | 7.245                       | 3.528          | 3.717          | -2,1        | -153          |
| Sarria              | 23.247                      | 11.478         | 11.769         | 23.167                      | 11.452         | 11.715         | -0,3        | -80           |
| Terra Chá           | 49.268                      | 24.215         | 25.053         | 48.801                      | 23.984         | 24.817         | -0,9        | -467          |
| Terra de Lemos      | 36.164                      | 17.310         | 18.854         | 36.089                      | 17.280         | 18.809         | -0,2        | -75           |
| A Ulloa             | 11.366                      | 5.557          | 5.809          | 11.189                      | 5.471          | 5.718          | -1,6        | -177          |
| <b>Total</b>        | <b>365.619</b>              | <b>177.567</b> | <b>188.052</b> | <b>364.125</b>              | <b>176.856</b> | <b>187.269</b> | <b>-0,4</b> | <b>-1.494</b> |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, *Revisión del Padrón Municipal de Habitantes*

CADRO 2.1.3.

**Poboación de dereito das comarcas da provincia de Ourense 2000-01**

| Comarcas          | Revisión do Padrón a 1/1/00 |                |                | Revisión do Padrón a 1/1/01 |                |                | 01/00       |             |
|-------------------|-----------------------------|----------------|----------------|-----------------------------|----------------|----------------|-------------|-------------|
|                   | Total                       | Homes          | Mulleres       | Total                       | Homes          | Mulleres       | (%)         | (total)     |
| Allariz-Maceda    | 15.675                      | 7.586          | 8.089          | 15.633                      | 7.570          | 8.063          | -0,3        | -42         |
| Baixa Limia       | 10.095                      | 4.783          | 5.312          | 9.925                       | 4.707          | 5.218          | -1,7        | -170        |
| O Carballiño      | 30.446                      | 14.352         | 16.094         | 30.074                      | 14.193         | 15.881         | -1,2        | -372        |
| A Limia           | 25.232                      | 12.386         | 12.846         | 25.218                      | 12.414         | 12.804         | -0,1        | -14         |
| Ourense           | 142.130                     | 67.153         | 74.977         | 143.142                     | 67.657         | 75.485         | 0,7         | 1.012       |
| O Ribeiro         | 20.917                      | 9.811          | 11.106         | 20.546                      | 9.661          | 10.885         | -1,8        | -371        |
| Terra de Caldelas | 4.710                       | 2.340          | 2.370          | 4.647                       | 2.323          | 2.324          | -1,3        | -63         |
| Terra de Celanova | 23.171                      | 10.921         | 12.250         | 22.894                      | 10.816         | 12.078         | -1,2        | -277        |
| Terra de Trives   | 6.102                       | 3.068          | 3.034          | 5.963                       | 2.990          | 2.973          | -2,3        | -139        |
| Valdeorras        | 29.052                      | 14.365         | 14.687         | 29.126                      | 14.396         | 14.730         | 0,3         | 74          |
| Verín             | 29.495                      | 14.575         | 14.920         | 29.450                      | 14.527         | 14.923         | -0,2        | -45         |
| Viana             | 8.216                       | 4.132          | 4.084          | 8.005                       | 4.041          | 3.964          | -2,6        | -211        |
| <b>Total</b>      | <b>345.241</b>              | <b>165.472</b> | <b>179.769</b> | <b>344.623</b>              | <b>165.295</b> | <b>179.328</b> | <b>-0,2</b> | <b>-618</b> |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, *Revisión del Padrón Municipal de Habitantes*

## CADRO 2.1.4.

**Poboación de dereito das comarcas da provincia de Pontevedra 2000-01**

| Comarcas                 | Revisión do Padrón a 1/1/00 |                |                | Revisión do Padrón a 1/1/01 |                |                | 01/00      |              |
|--------------------------|-----------------------------|----------------|----------------|-----------------------------|----------------|----------------|------------|--------------|
|                          | Total                       | Homes          | Mulleres       | Total                       | Homes          | Mulleres       | (%)        | (total)      |
| O Baixo Miño             | 45.611                      | 22.075         | 23.536         | 45.949                      | 22.287         | 23.662         | 0,7        | 338          |
| Caldas                   | 35.489                      | 17.040         | 18.449         | 35.397                      | 16.971         | 18.426         | -0,3       | -92          |
| O Condado                | 37.795                      | 18.045         | 19.750         | 37.998                      | 18.165         | 19.833         | 0,5        | 203          |
| Deza                     | 47.474                      | 23.052         | 24.422         | 47.314                      | 22.994         | 24.320         | -0,3       | -160         |
| O Morrazo                | 79.357                      | 38.939         | 40.418         | 79.817                      | 39.250         | 40.567         | 0,6        | 460          |
| A Paradanta              | 18.334                      | 8.672          | 9.662          | 18.118                      | 8.581          | 9.537          | -1,2       | -216         |
| Pontevedra               | 115.208                     | 54.659         | 60.549         | 115.571                     | 54.805         | 60.766         | 0,3        | 363          |
| O Salnés                 | 104.139                     | 50.504         | 53.635         | 104.184                     | 50.566         | 53.618         | 0,0        | 45           |
| Tabairós-Terra de Montes | 29.772                      | 13.881         | 15.891         | 29.588                      | 13.817         | 15.771         | -0,6       | -184         |
| Vigo                     | 399.442                     | 190.714        | 208.728        | 402.240                     | 192.452        | 209.788        | 0,7        | 2.798        |
| <b>Total</b>             | <b>912.621</b>              | <b>437.581</b> | <b>475.040</b> | <b>916.176</b>              | <b>439.888</b> | <b>476.288</b> | <b>0,4</b> | <b>3.555</b> |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, *Revisión del Padrón Municipal de Habitantes*

## CADRO 2.1.5.

**Poboación residente en núcleos de máis de 10.000 habitantes 2000-01**

|              | 2000                   |             | 2001                   |             | Concellos >10.000 habs. |           |
|--------------|------------------------|-------------|------------------------|-------------|-------------------------|-----------|
|              | (% / total provincial) |             | (% / total provincial) |             | 2000                    | 2001      |
| A Coruña     | 769.290                | 69,4        | 779.869                | 70,4        | 24                      | 25        |
| Lugo         | 152.120                | 41,6        | 152.933                | 42,0        | 5                       | 5         |
| Ourense      | 146.881                | 42,5        | 147.825                | 42,9        | 4                       | 4         |
| Pontevedra   | 723.395                | 79,3        | 728.316                | 79,5        | 23                      | 23        |
| <b>Total</b> | <b>1.791.686</b>       | <b>65,6</b> | <b>1.808.943</b>       | <b>66,2</b> | <b>56</b>               | <b>57</b> |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, *Revisión del Padrón Municipal de Habitantes*

## CADRO 2.1.6.

**Poboación das sete grandes cidades 2000-01**

|                               | Revisión do Padrón a 1/1/00 |                | Revisión do Padrón a 1/1/01 |             | 01/00 |         |
|-------------------------------|-----------------------------|----------------|-----------------------------|-------------|-------|---------|
|                               |                             |                |                             |             | (%)   | (total) |
| Vigo                          | 285.526                     | 287.282        | 0,62                        | 1.756       |       |         |
| A Coruña                      | 241.769                     | 239.434        | -0,97                       | -2.335      |       |         |
| Ourense                       | 108.647                     | 109.051        | 0,37                        | 404         |       |         |
| Santiago                      | 93.903                      | 93.381         | -0,56                       | -522        |       |         |
| Lugo                          | 88.235                      | 88.901         | 0,75                        | 666         |       |         |
| Ferrol                        | 81.255                      | 80.347         | -1,12                       | -908        |       |         |
| Pontevedra                    | 75.212                      | 75.864         | 0,87                        | 652         |       |         |
| <b>Total</b>                  | <b>974.547</b>              | <b>974.260</b> | <b>-0,03</b>                | <b>-287</b> |       |         |
| <b>Total / total C.A. (%)</b> | <b>35,67</b>                | <b>35,65</b>   | <b>-</b>                    | <b>-</b>    |       |         |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, *Revisión del Padrón Municipal de Habitantes*

CADRO 2.1.7.

**Fogares segundo tipoloxía 1999-01**

| 1999                           |            |            |            |            |            |
|--------------------------------|------------|------------|------------|------------|------------|
|                                | A Coruña   | Lugo       | Ourense    | Pontevedra | Total      |
|                                | (%)        |            |            |            |            |
| Unipersoal                     | 15,4       | 20,9       | 22,6       | 13,2       | 16,5       |
| Sen núcleo (máis dunha persoa) | 3,2        | 3,7        | 3,3        | 2,5        | 3,0        |
| Parella con fillos             | 7,2        | 6,8        | 6,1        | 8,7        | 7,5        |
| Parella sen fillos             | 15,2       | 16,3       | 17,7       | 13,1       | 15,1       |
| Monoparental                   | 40,5       | 32,9       | 33,9       | 44,9       | 39,9       |
| Un núcleo e outros             | 11,6       | 10,2       | 12,8       | 11,4       | 11,5       |
| Varios núcleos                 | 6,7        | 9,2        | 3,7        | 6,2        | 6,5        |
| <b>Total</b>                   | <b>100</b> | <b>100</b> | <b>100</b> | <b>100</b> | <b>100</b> |

  

| 2001                           |            |            |            |            |            |
|--------------------------------|------------|------------|------------|------------|------------|
|                                | A Coruña   | Lugo       | Ourense    | Pontevedra | Total      |
|                                | (%)        |            |            |            |            |
| Unipersoal                     | 19,2       | 22,5       | 21,6       | 14,4       | 18,4       |
| Sen núcleo (máis dunha persoa) | 3,6        | 4,6        | 3,5        | 2,8        | 3,4        |
| Parella con fillos             | 41,2       | 31,6       | 35,7       | 44,7       | 40,3       |
| Parella sen fillos             | 12,8       | 13,0       | 18,4       | 13,0       | 13,6       |
| Monoparental                   | 7,3        | 7,1        | 6,3        | 7,4        | 7,2        |
| Un núcleo e outros             | 10,4       | 12,7       | 11,9       | 11,8       | 11,3       |
| Varios núcleos                 | 5,7        | 8,5        | 2,7        | 5,9        | 5,7        |
| <b>Total</b>                   | <b>100</b> | <b>100</b> | <b>100</b> | <b>100</b> | <b>100</b> |

Fonte: IGE, Enquisa de condicións de vida das familias

2.

CADRO 2.1.8.

**Fogares 1999-01: distribución segundo número de persoas que os integran**

| 1999          |            |            |            |            |            |
|---------------|------------|------------|------------|------------|------------|
| nº de persoas | A Coruña   | Lugo       | Ourense    | Pontevedra | Total      |
|               | (%)        |            |            |            |            |
| 1             | 15,4       | 20,9       | 22,6       | 13,2       | 16,5       |
| 2             | 22,4       | 23,8       | 25,5       | 20,6       | 22,5       |
| 3             | 25,0       | 21,3       | 20,9       | 22,0       | 23,0       |
| 4             | 21,4       | 16,4       | 19,9       | 24,5       | 21,4       |
| 5             | 9,7        | 9,0        | 7,9        | 13,3       | 10,5       |
| 6 ou máis     | 6,2        | 8,6        | 3,1        | 6,5        | 6,2        |
| <b>Total</b>  | <b>100</b> | <b>100</b> | <b>100</b> | <b>100</b> | <b>100</b> |

  

| 2001          |            |            |            |            |            |
|---------------|------------|------------|------------|------------|------------|
| nº de persoas | A Coruña   | Lugo       | Ourense    | Pontevedra | Total      |
|               | (%)        |            |            |            |            |
| 1             | 19,2       | 22,5       | 21,6       | 14,4       | 18,4       |
| 2             | 20,3       | 20,8       | 24,9       | 19,9       | 20,9       |
| 3             | 24,1       | 21,4       | 24,4       | 23,6       | 23,6       |
| 4             | 22,2       | 19,9       | 19,0       | 25,1       | 22,4       |
| 5             | 8,7        | 8,6        | 8,2        | 10,5       | 9,2        |
| 6 ou máis     | 5,5        | 6,8        | 2,0        | 6,5        | 5,5        |
| <b>Total</b>  | <b>100</b> | <b>100</b> | <b>100</b> | <b>100</b> | <b>100</b> |

Fonte: IGE, Enquisa de condicións de vida das familias

ceudou en 2.235 persoas. Pola contra, nos outros catro municipios considerados, a poboación aumenta no caso dos homes e das mulleres, salientando a medra da poboación experimentada no municipio de Vigo, que rexistra 1.756 habitantes máis a 1 de xaneiro do 2001 en relación ó padrón anterior.

A análise da estrutura e distribución da poboación pode finalizarse co estudio das características dos **fogares galegos**, tomando como indicadores a clasificación segundo a súa tipoloxía, **cadro 2.1.7.**, e o número de persoas que os integran, **cadro 2.1.8.**

Atendendo á distribución dos fogares segundo a súa tipoloxía, o **cadro 2.1.7.** reflicte que no conxunto de Galicia os tipos de fogares máis importantes corresponden ós de “parella con fillos”, co 40,3% do total dos fogares, e ós de carácter “unipersoal”, co 18,4%. Comparado cos datos da *Enquisa de condicións de vida* do ano 1999, prodúcese unha medra na porcentaxe destes dous tipos de fogares, pasando do 39,9% ó 40,3% caso de fogares formados por parella con fillos, e do 16,5% ó 18,4% no caso de fogares unipersoais.

En comparación coa media galega, nas provincias de Lugo e Ourense cómpre salientar, dunha banda, a reducida porcentaxe de fogares con fillos, co 31,6% e 35,7%, respectivamente, e doutra, a elevada porcentaxe no caso dos fogares unipersoais, co 22,5% e 21,6%, respectivamente. Asemade, hai que salientar que na provincia de Ourense, a porcentaxe de fogares compostos por “parella sen fillos” é case cinco puntos superior á media galega. En Pontevedra, a porcentaxe de fogares unipersoais é do 14,4%, catro puntos menos que no conxunto de Galicia, e no caso de fogares compostos por “parella con fillos” a porcentaxe é do 44,7%, máis de catro puntos por riba da porcentaxe galega.

O **cadro 2.1.8.** amosa a distribución de fogares segundo o número de persoas que os integran e reflicte que o 23,6% dos fogares

galegos están compostos por tres persoas, e o 22,4% e 20,9% están compostos por catro e dous membros, respectivamente. Comparado cos datos da enquisa de 1999, rexístrase unha medra no peso relativo dos fogares unipersoais (case dous puntos máis), nos de tres persoas (seis décimas) e no caso dos fogares formados por 4 persoas (un punto porcentual máis).

En comparación coa media galega, cómpre salientar que xunto cos fogares unipersoais, as maiores diverxencias rexístranse no caso dos fogares composta de catro persoas. Dunha banda, Pontevedra presenta unha importancia relativa 2,7 puntos superior á media galega (25,1% fronte ós 22,4% de Galicia), e doutra, en Ourense e Lugo é de 3,2 e 2,5 puntos inferior á media (19,0% e 19,9%, respectivamente). Asemade, o devandito **cadro 2.1.8.** reflicte que nos fogares compostos de dous persoas, Ourense presenta unha porcentaxe catro puntos superior (24,9%), e nos compostos de tres persoas, a importancia relativa na provincia de Lugo é 2,2 puntos inferior (21,4%).

## Movemento natural

Segundo os *Indicadores demográficos básicos* do INE, o número medio de fillos por muller en Galicia no ano 2000 foi de 0,93 fronte ós 1,23 fillos por muller de media a nivel estatal. O **cadro 2.1.9.** reflicte que Pontevedra é a provincia coa taxa máis elevada, co 1,01 fillos por muller, seguida de A Coruña, con 0,92 fillos por muller.

Trala ruptura da tendencia decrecente da **taxa da natalidade** en Galicia no ano 1999 e o aumento no ano seguinte, no ano 2001 esta volve a caer para situarse nos 7,12 nacementos por cada 1.000 habitantes, fronte ós 7,17 nacementos do ano anterior. En España a taxa de natalidade volveu a medrar, situándose a mesma nos 10,03 nacementos por cada mil habitantes fronte ós 9,91 nacementos por cada 1.000 habitantes do ano anterior.

Desagregando o estudio por provincias,

2.

CADRO 2.1.9.

Número medio de fillos por muller 1997-00

|                | 1997 | 1998 | 1999 | 2000 (1) |
|----------------|------|------|------|----------|
| <b>Galicia</b> | 0,92 | 0,90 | 0,91 | 0,93     |
| A Coruña       | 0,90 | 0,89 | 0,89 | 0,92     |
| Lugo           | 0,83 | 0,85 | 0,81 | 0,85     |
| Ourense        | 0,84 | 0,79 | 0,79 | 0,77     |
| Pontevedra     | 0,99 | 0,97 | 1,01 | 1,01     |
| <b>España</b>  | 1,18 | 1,16 | 1,20 | 1,23     |

(1) datos provisionais

Fonte: INE, Indicadores demográficos básicos

CADRO 2.1.10.

Taxas (1) de nupcialidade, natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo en Galicia e España 2000-01 (2)

|               | Nupcialidade |             | Natalidade  |              | Mortalidade  |              | Crecemento vexetativo |              |
|---------------|--------------|-------------|-------------|--------------|--------------|--------------|-----------------------|--------------|
|               | 2000         | 2001        | 2000        | 2001         | 2000         | 2001         | 2000                  | 2001         |
| A Coruña      | 4,73         | 4,37        | 7,27        | 7,22         | 10,50        | 10,36        | -3,23                 | -3,14        |
| Lugo          | 3,95         | 3,41        | 5,71        | 5,24         | 13,13        | 13,00        | -7,42                 | -7,76        |
| Ourense       | 4,25         | 4,05        | 5,35        | 5,25         | 12,96        | 12,70        | -7,61                 | -7,45        |
| Pontevedra    | 4,99         | 4,76        | 8,32        | 8,43         | 8,81         | 8,48         | -0,49                 | -0,05        |
| <b>Total</b>  | <b>4,65</b>  | <b>4,33</b> | <b>7,17</b> | <b>7,12</b>  | <b>10,60</b> | <b>10,37</b> | <b>-3,43</b>          | <b>-3,25</b> |
| <b>España</b> | <b>5,26</b>  | <b>5,12</b> | <b>9,91</b> | <b>10,03</b> | <b>9,00</b>  | <b>8,91</b>  | <b>0,91</b>           | <b>1,12</b>  |

(1) Tódalas taxas son por 1.000 habitantes

(2) datos provisionais

Fonte: INE, Movimiento Natural de la Población

CADRO 2.1.11.

Matrimonios, nacementos, defuncións e crecemento vexetativo en Galicia e España 1999-00 (1)

|               | Matrimonios    |                | Nacementos     |                | Defuncións     |                | Crecemento vexetativo |               |
|---------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|-----------------------|---------------|
|               | 2000           | 2001           | 2000           | 2001           | 2000           | 2001           | 2000                  | 2001          |
| A Coruña      | 5.215          | 4.845          | 8.016          | 7.994          | 11.572         | 11.471         | -4.317                | -3.477        |
| Lugo          | 1.429          | 1.231          | 2.067          | 1.894          | 4.753          | 4.697          | -2.921                | -2.803        |
| Ourense       | 1.452          | 1.388          | 1.828          | 1.800          | 4.433          | 4.351          | -2.705                | -2.551        |
| Pontevedra    | 4.532          | 4.350          | 7.557          | 7.706          | 7.998          | 7.746          | -539                  | -40           |
| <b>Total</b>  | <b>12.628</b>  | <b>11.814</b>  | <b>19.468</b>  | <b>19.394</b>  | <b>28.756</b>  | <b>28.265</b>  | <b>-10.482</b>        | <b>-8.871</b> |
| <b>España</b> | <b>209.854</b> | <b>206.254</b> | <b>395.756</b> | <b>403.859</b> | <b>359.148</b> | <b>358.856</b> | <b>36.608</b>         | <b>45.003</b> |

(1) datos provisionais

Fonte: INE, Movimiento natural de la población

o **cadro 2.1.10.** reflicte que Pontevedra é quen rexistra a maior taxa nos anos considerados (8,43 nacementos por cada mil habitantes no ano 2001), situándose ó longo dos mesmos por riba da media galega. Séguelle a provincia de A Coruña, con 7,22 nacementos por cada mil habitantes no ano 2001, e as provincias de Lugo e Ourense cunha taxa de natalidade de 5,24 nacementos por cada mil habitantes e 5,25 nacementos, respectivamente. Comparado co ano anterior, o devandito cadro amosa que a provincia de Pontevedra foi a única que experimentou un aumento da súa taxa de natalidade, pasando de 8,32 nace-

mentos por cada mil habitantes no ano 2000 ós 8,43 do ano 2001.

En termos absolutos, **cadro 2.1.11.**, no ano 2001 naceron en Galicia un total de 19.394 nenos (74 nacementos menos que no ano anterior) o que representan o 4,8% do total de nacementos en España. As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que presentan o maior número de nacementos en 2001 con 7.994 e 7.706 nacementos, respectivamente.

A **taxa de mortalidade** descendeu no

 CADRO 2.1.12.

**Taxa <sup>(1)</sup> de mortalidade infantil en Galicia e  
España 2000-01**

|                | 2000 (2) | 2001 (2) |
|----------------|----------|----------|
|                | total    | total    |
| <b>Galicia</b> | 4,05     | 3,40     |
| A Coruña       | 6,21     | 3,88     |
| Lugo           | 2,41     | 4,75     |
| Ourense        | 2,73     | 2,22     |
| Pontevedra     | 2,51     | 2,85     |
| <b>España</b>  | 3,86     | 3,45     |

(1) mortalidade infantil por cada 1000 nacementos

(2) datos provisionais

Fonte: INE, *Movimiento Natural de la Población*

ano 2001 en tódalas provincias galegas, situánsese no conxunto de Galicia nas 10,37 defuncións por cada mil habitantes (10,60 no ano anterior), fronte ós 8,91 defuncións por cada mil habitantes no conxunto do estado (9,00 defuncións no ano 2000). Pontevedra é a provincia que presenta a menor taxa de mortalidade, con 8,48 falecementos por cada mil habitantes mentres que Lugo e Ourense presentan unas taxas de mortalidade de 13,00 e 12,70 mortes por cada mil habitantes, respectivamente.

Xunto a este descenso da taxa de mortalidade no ano 2001, cómpre salientalo descenso da taxa de mortalidade infantil en Galicia, **cadro 2.1.12.**, que pasa dos 4,05 falecementos por cada 1.000 nacementos do 2000 ós 3,40 do 2001. Fronte a esta caída no conxunto de Galicia, a taxa de mortalidade infantil descende nas provincias de Lugo, onde a taxa de mortalidade infantil aumenta das 2,41 a 4,75 mortes por cada 1.000 nacementos no ano 2001, e Pontevedra, onde o número de falecementos por cada mil habitantes foi de 2,85 fronte ás 2,51 do ano anterior.

No ano 2001 producíronse en Galicia un total de 28.265 defuncións, 491 menos que no ano anterior, representando o 7,9% do total de defuncións habidas en España no último ano. Por provincias, A Coruña contabilizou o

11.471 dos falecementos en Galicia seguida de Pontevedra con 7.746.

A evolución das taxas de natalidade e mortalidade explican a evolución do **crecemento vexetativo**, que ven recollido nos **cadros 2.1.10. e 2.1.11.** Obsérvase que este é negativo en Galicia (-8.871) a diferenza do que acontece en España (45.003). As catro provincias galegas presentan un crecemento vexetativo negativo, sendo a provincia de Pontevedra a que presenta o menor valor (-40).

No ano 2000 rexístrase unha medra no número de **interrupcións voluntarias de embarazo** en Galicia pasando das 3,81 interrupcións por cada 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos no ano 1999 ás 3,97 interrupcións do ano 2000. Comparado co resto das comunidades autónomas, **cadro 2.1.13.**, Galicia é, no ano 2000, a quinta comunidade con menor número de interrupcións, por detrás de País Vasco (3,55), Navarra (3,63), Cantabria (3,92) e Ceuta e Melilla (2,53), sendo a media do conxunto do estado de 7,14 interrupcións por cada 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos.

O **cadro 2.1.14.** recolle o número de títulos de **familia numerosa** expedidos que ascendeu a 13.940 títulos (9 máis que no ano anterior), dos que 2.407 foron títulos novos.

2.

CADRO 2.1.13.

**Interrupcións voluntarias do embarazo 1999-00: distribución segundo comunidade autónoma de residencia <sup>(1)</sup>**

|                       | 1999        | 2000        |
|-----------------------|-------------|-------------|
| Andalucía             | 5,49        | 6,19        |
| Aragón                | 7,28        | 7,83        |
| Asturias              | 6,95        | 8,38        |
| Baleares              | 11,84       | 13,56       |
| Canarias              | 7,22        | 8,04        |
| Cantabria             | 4,00        | 3,92        |
| Castela - A Mancha    | 4,67        | 4,35        |
| Castela e León        | 5,85        | 5,63        |
| Cataluña              | 8,59        | 9,67        |
| Comunidade Valenciana | 6,00        | 6,82        |
| Estremadura           | 3,70        | 4,27        |
| <b>Galicia</b>        | <b>3,81</b> | <b>3,97</b> |
| Madrid                | 8,72        | 8,90        |
| Murcia                | 5,64        | 7,96        |
| Navarra               | 2,96        | 3,63        |
| País Vasco            | 3,04        | 3,55        |
| A Ríoxa               | 6,28        | 6,55        |
| Ceuta e Melilla       | 2,96        | 2,53        |
| <b>Total</b>          | <b>6,52</b> | <b>7,14</b> |

(1) Taxas por 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos

Fonte: Ministerio de Sanidad y Consumo, Interrupción voluntaria del embarazo

CADRO 2.1.14.

**Expedicións de títulos de familia numerosa 2000-01**

|              | 2000          |                   |               | 2001          |                   |               |
|--------------|---------------|-------------------|---------------|---------------|-------------------|---------------|
|              | Títulos novos | Títulos renovados | Total         | Títulos novos | Títulos renovados | Total         |
| A Coruña     | 680           | 4.858             | 5.538         | 830           | 4.702             | 5.532         |
| Lugo         | 201           | 1.405             | 1.606         | 222           | 1.418             | 1.640         |
| Ourense      | 306           | 1.005             | 1.311         | 324           | 985               | 1.309         |
| Pontevedra   | 800           | 4.676             | 5.476         | 1.031         | 4.428             | 5.459         |
| <b>Total</b> | <b>1.987</b>  | <b>11.944</b>     | <b>13.931</b> | <b>2.407</b>  | <b>11.533</b>     | <b>13.940</b> |

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, Estatística de familias numerosas

Atendendo á súa distribución provincial, as provincias de A Coruña e Pontevedra son quen teñen un maior número de títulos expedidos con 5.532 e 5.459 títulos respectivamente, o que supón que ámbalas dúas provincias acollen ó 78,8% do total de títulos de familia numerosa expedidos.

## Movements migratorios

Os datos facilitados pola *Encuesta de Variaciones Residenciales* do INE sinalan que no ano 2000, realizáronse un total de 45.351 migracións entre concellos galegos (un 1,7% máis que en 1999). Destas migracións rexistradas entre municipios galegos, 37.125 (un 1,9% superior ás rexistradas no ano anterior) realizáronse entre concellos dunha mesma provincia. A Coruña é a provincia que rexistra

o maior número de migracións interiores, con 18.309, seguida de Pontevedra, con 10.097, e de Ourense e Lugo, con 5.517 e 3.202 migracións, respectivamente.

En termos relativos, no ano 2000 medrou en Galicia o número de migracións interiores por cada mil habitantes, pasando dos 16,32 desprazamentos por cada 1.000 habitantes ás 16,59 migracións no ano 2000. No caso das migracións entre municipios dunha mesma provincia, no ano 2000 rexistráronse un total de 13,58 migracións por cada 1.000 habitantes fronte ás 13,39 do ano anterior.

Definida a taxa neta de migración interior como a diferenza entre as taxas de inmigración e emigración interior –expresada en

## CADRO 2.1.15.

## Saldo migratorio interno das provincias galegas 1992-00

|                | 1992 | 1993 | 1994 | 1995 | 1998 | 1999 | 2000 |
|----------------|------|------|------|------|------|------|------|
